



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

Asunto: convocatoria Comisión Especial de Contas. Expediente núm. 2022/G012/000004

O Pleno da Corporación acordou modificar a composición das comisións informativas na sesión ordinaria celebrada o 10-02-2022. O acordo foi notificado aos portavoces dos grupos municipais e aos concelleiros/as non adscritos/as, a efectos de que designaran representantes nas comisións informativas, consonte ao acordado pola Corporación.

Consta designación por parte dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP e APIN-SON.

Consta escrito do concelleiro non adscrito Daniel García Cotelo presentado con nº 202299900000426 o 14-03-2022, no que se designa a si mesmo; e escrito presentado con nº 202200000000354 o 18-03-2022, no que sinalan:

"Ante a modificación da composición das Comisións Informativas aprobada no último Pleno Ordinario, tal e como se reflexa na acta, e tras poñelo ao corrente a Corporación, os concelleiros de Ana Pérez Imia, Raquel Fondo Pérez, Miguel A. González Gómez, Salvador Eiroa Ameijenda e Faustino Santiago Lema solicitamos que poidamos presenciar as Comisións e ser informados das convocatorias pese a que non poidamos exercer o dereito a voto como viña ocorrendo dende a última modificación.

Así mesmo declarar que Ana Pérez Imia renuncia a exercer o voto nas comisións informativas e deixamos a súa elección entre os 4 concelleiros que asinan este documento para que poidan escoller cales votan e cales non".

Considerando que os escritos presentados polos concelleiros non adscritos non atenden ao requirimento realizado, dado que non se designan tres titulares e tres suplentes, procede reiterar o requirimento para que designen representantes.

Tendo en conta o artigo 113 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar a **Comisión Especial de Contas**, na sala de sesións da Casa Consistorial do Concello de Ponteceso, **o 23-03-022 ás 09:00h**, en primeira convocatoria e se procederá en segunda de acordo con estipulado no artigo 90.2 do ROF.

A partires desta data ten vostede á súa disposición, na Secretaría do Concello, os antecedentes relacionados con asuntos que figuran na seguinte

ORDE DO DÍA

1º. Modificación da Ordenanza fiscal número 17 reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana

2º. Dar conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2021.

Segundo.- Notificar este decreto de convocatoria a tódolos membros da Comisión debidamente designados, así como á secretaria e interventora do Concello.

Terceiro.- Notificar este decreto aos concelleiros/as non adscritos/as, aos únicos efectos de que designen aos seus representantes nas comisións informativas, consonte á composición acordada polo Pleno da Corporación o 10-02-2022.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

En tanto non sexan debidamente designados, mediante escrito asinado polos seis concelleiros/as non adscritos/as no que se nomeen tres titulares e tres suplentes, esta Alcaldía non pode convocalos ás comisións informativas.

Ante mín, a secretaria en réxime de acumulación de funcións, para os efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Documento asinado electrónicamente á marxe

SRA. SECRETARIA

SRA. INTERVENTORA

SRES/SRAS. CONCELLEIROS/AS

D^a. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ

D^a. MARTA MARÍA CARRILLO AGUIAR

D. JOSÉ MANUEL POSE VERDES

Ante mín, a secretaria en réxime de acumulación de tarefas, para os efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.